



TOQUES F. S. F.



Este é un dos poucos equipos femininos de fútbol que hai por aquí, aínda que tamén está o de Melide e algún máis...

Algunhas persoas pensan que estes tipos de equipos femininos son unha perda de tempo, e nós pensamos o contrario! Imos a pasalo ben, divertirnos, para que pase o tempo facendo algo que nos guste e, se pode ser, tamén para gañar, aínda que non é sempre o caso... pero o que conta é que cada un fai o que pode e intenta facelo o mellor posible.

No noso equipo estabamos moitas, aínda que á volta das vacacións algunhas deixárono, pero seguimos xogando, aínda que non esteamos as de sempre e veñan rapazas novas, non

todo é para sempre.

O equipo formouse haberá uns tres anos, foi unha mestura de dous equipos: O Toques e O Santiso, chamado "As Picaras". Aínda que ao principio non gañabamos e non xogabamos moi ben seguimos xogando porque nos gustaba e co paso do tempo pódese dicir que melloramos algo, xa que levamos dous anos gañando o torneo municipal, o ano pasado en Touro e este ano en Melide, as dúas finais xogámola contra o equipo de Melide e fomos as dúas a penaltis e saímos gañadoras, aínda que nos custa o seu...

Tivemos un cambio de adestrador, haberá aproximadamente un ano, o de agora chámase Mauro.

As compoñentes do equipo somos:

- Belén S.F.
- Marta S.C.
- Gloria C.C.
- Andrea S.S.
- Tania A.C.
- Karen Q.P.
- Silvia S.S.
- Rocio V.P.

Isabel, Paula e Vanesa son novas fichaxes que acaban de incorporarse.

E por último animarvos a xogar nun equipo, sobre todo as rapazas, porque aínda que existen as lesións, non son frecuentes...

TANIA ARIAS, S3A
SILVIA SUÁREZ, S3B